

## 5. A avaliación diagnóstica

### TIPOS E FINALIDADE

Esta avaliación ten a súa orixe e concreción nos artigos 21, 29 e 144 da LOE. Ten como obxectivo analizar o progreso do alumnado na consecución das competencias básicas, que quedaron definidas nos currículos cara ao remate da ESO. Estas avaliacións son prescritivas en 4º de educación primaria e 2º de ESO.

No artigo 144.1 descríbese a **avaliación xeral diagnóstica (AXD)**. É competencia do Instituto de Avaliación (IE), en colaboración coas CCAA, a elaboración do marco teórico, o desenvolvemento, a aplicación e a elaboración do informe.

Nos artigos 21 e 29 establécese que todos os centros deberán realizar unha **avaliación diagnóstica (AD) para todos os alumnos** nos mesmos niveis que a anterior, co mesmo marco teórico e que terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Ambos os tipos de avaliación diagnóstica teñen como **finalidade básica obter datos para reflexionar sobre o funcionamento do sistema educativo e poder actuar na mellora da calidade do mesmo**.

### IMPLICACIÓNS PARA OS CENTROS EDUCATIVOS

Polo que se refire á AXD, organizada polo IE, só terán que colaborar os centros que resulten afectados pola mostraxe. No seu momento recibirán a correspondente comunicación e as instrucións oportunas, tanto para a pilotaxe (2008) como para a proba definitiva (2009).

No caso da Avaliación diagnóstica (AD), que é mostral, a Consellería informará do proceso e remitirá os materiais e modelos aos centros coa suficiente antelación.

De todos modos, hai aspectos que xa están decididos e outros que van depender da AXD e da pilotaxe.

Asuntos nos que xa hai decisións tomadas:

- Haberá AD en todos os centros que teñan escolarizado alumnado de 4º de EP e/ou 2º de ESO.
- Levarase a cabo, probablemente en maio, no curso 2008/2009.
- A Consellería de Educación facilitaralles as probas aos centros. As competencias básicas son 8 e quedaron definidas nos decretos de currículo. En principio, non se avaliarán todas todos os anos.
- Os modelos de probas estarán na liña das empregadas en programas como PISA ou PIRLS. Pódense encontrar as preguntas liberadas deses programas no web da Consellería.
- Elaborarase unha aplicación informática que permita simplificar o traballo dos centros.
- As datas de inicio das probas de AD coinciden temporalmente coa implantación, neses niveis, dos currículos derivados da LOE e, polo tanto, coa programación docente e o proceso educativo deseñados por competencias básicas.
- Non debe servir para facer listaxes de centros segundo os resultados obtidos. Cada centro coñecerá, como mínimo, os seus datos e os da CA.
- Facilitarase documentación para elaborar os modelos informativos para a comunidade educativa, incluídas as familias, tal e como determina a LOE.

Características	Avaliación xeral diagnóstica	Avaliación diagnóstica
Órgano competente	IE, en colaboración coas CCAA	CCAA no seu ámbito de competencia
Participación	Mostra representativa	Todo o alumnado de 4º EP e 2º de ESO
Mide	Grao de adquisición das competencias básicas	Grao adquisición das competencias básicas
Finalidade	Ter datos significativos do desenvolvemento do sistema educativo para que o MEC actúe e informe ao Congreso dos Deputados	Formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias e comunidade educativa
Tipo	Externa	Mixta: interna, con apoio externo
Materiais elaborados por	IE	CCAA
Datas de inicio	Piloto: maio de 2008 Mostral: maio de 2009	Maio de 2009
Papel dos centros	Colaborar coa empresa encargada do proceso	Desenvolver o proceso interno, co material que achegue a Consellería e coa aplicación informática precisa
Destinatarios dos informes	Parten do IE para: MEC, CCAA e Congreso Deputados	Desde a Consellería a centros, familias e resto da comunidade educativa
Periodicidade	Non decidida	Anual
Pilotaxe	4 competencias en maio de 2008	Só da aplicación